

VERBO: PRESENTE DE INDICATIVO

1. Completa a seguinte táboa coas formas do presente de indicativo

SER	ESTAR	DURMIR
DUCHARSE	SAÍR	CHAMARSE
TER	GUSTAR	COMER
VER	VIR	DICIR

2. Completa os diálogos coas formas do presente dos verbos ser, estar e ter

- Ola, bo día. Como _____?
- Moi ben, e ti?
- Eu _____ algo cansada porque _____ moito traballo
- Aínda _____ na froitaría?
- Si, e ti onde traballas?
- Eu traballo con meu pai, el _____ unha carpintería, _____ carpinteiro

- Bo día, rapaz. Sabes onde _____ a panadería?
- Si, _____ que seguir por esta rúa.
- E _____ moi lonxe? _____ algo de présa.
- Non, _____ cerquiña. _____ aquí mesmo.

- Ola, Anxo, estes _____ meus irmáns
- Ola, encantado de coñecervos. Como _____?
- Moi ben, grazas
- Teus irmáns parecen moi novos. Cantos anos _____?
- Meu irmán _____ corenta e miña irmá ..., non me acordo. Cantos anos _____, Laura?
- _____ dous anos máis vella ca ti. _____ trinta e cinco anos.

3. Cambia as frases para as persoas indicadas entre parénteses

- a. Non damos rematado a tarefa a tempo. (el, vós)
- b. Facemos demasiadas cousas a un tempo. (ti, eu)
- c. Non cabemos dentro dos seus esquemas organizativos. (eu, ela.)
- d. Sempre facedes as mesmas falcatuadas. (el, ti.)
- e. Estamos cansos de te aturar, meu vello! (eu, eles)

- f. Dicimos sempre o que pensamos. (el, eu)
- g. Non sabes que facer con tantos cartos. (eu, nós)
- h. Sodes do máis esperto. (eu, ti.)
- i. Con estes anteollos vemos de marabilla. (eu, vós.)
- j. Traemos os repostos para a máquina. (eu, eles)